

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 21/04/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D ^a . Belén Cachafeiro Anta, en substitución de D. Jorge Cubela López
	D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Ricardo Martínez Chantada
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as dez horas e corenta minutos do día vinte e un de abril do ano dous mil vinte e cinco, reúnenos no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2025015915)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: KD8DAU2GUUSGSQG9), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de marzo do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS (EXPTE.: 2025006144)

Queda corrixido o título do asunto para unificar a súa tradución nos diversos documentos do expediente, pasando a denominarse “Ditaminar a aprobación da adhesión da Deputación de Pontevedra á Asociación Ruta do Viño Rías Baixas”.

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación, a proposta de ditame co seguinte teor literal:

“EXPEDIENTE: 2025006144

ASUNTO: APROBACIÓN DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS

TRÁMITE: PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Visto o informe de 17 de febreiro de 2025 da Xefa do Servizo de Turismo e conformado pola Deputada delegada de Turismo, sobre a adhesión “ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á ASOCIACIÓN RUTA DEL VINO RIAS BAIXAS”.

Resultando que constan no expediente informes favorables de Secretaría e de Intervención, de data 1 de abril de 2025 e 9 de abril de 2025, respectivamente.



Considerando que a competencia para a adhesión a organizacións asociativas corresponde ao Pleno da corporación provincial, mediante voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros, segundo o disposto no artigo 47.2.g) da LRBRL.

Considerando que, en cumprimento do disposto no artigo 123 do ROF, o asunto deberá ser sometido a ditame da comisión informativa previamente á adopción do acordo polo Pleno da corporación.

PROPONSE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO

Ditaminar o expediente e, en consecuencia, elevar ao órgano competente, a aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Pontevedra á “ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á ASOCIACIÓN RUTA DEL VINO RIAS BAIXAS”.

Asinado dixitalmente na data indicada á marxe

Ruth González Reyes”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente ditamina favorablemente por unanimidade a proposta referida “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA REUNIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO CON TÉCNICOS DAS EMPRESAS KIWI ATLÁNTICO E CESENS, CO OBXECTIVO DE COORDINAR AS ACTUACIÓNS PREVISTAS SEGUNDO O PLAN DE TRABAJO DO PROXECTO KIWI-SENS (EXPTE.: 2024010071)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA REUNIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO CON TÉCNICOS DAS EMPRESAS KIWI ATLÁNTICO E CESENS, CO OXECTIVO DE COORDINAR AS ACTUACIÓNS PREVISTAS SEGÚN O PLAN DE TRABAJO DO PROYECTO KIWI-SENS. EXPEDIENTE 2024010071



O pasado 12 de marzo celebrouse unha reunión telemática, dentro do proxecto KIWI-SENS, co obxectivo de coordinar as actuacións previstas para cada un dos socios, segundo o plan de traballo especificado no proxecto. En esta reunión estiveron os técnicos implicados dos socios, Estación Fitopatolóxica Areeiro e Kiwi Atlántico, así coma da empresa colaboradora Cesens.

Estableceuse unha primeira mostraxe para a detección temperá de *Pseudomonas syringae* pv actinidiae (PSA) antes da brotación e a posterior toma de mostras cando o cultivo se atope en plena floración para a determinación da viabilidade e xerminación do pole e o seguimento da incidencia de PSA.

A primeira visita ás plantacións seleccionadas realizouse o 20 de marzo e recolléronse mostras de varetas para a determinación de PSA. En datas próximas fixaranse novas visitas para continuar coa toma de mostras programada.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

María Pilar Vela Fernández”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Marcos Areán González

